



Os monólogos R reinvéntanse na conxuntura da crise sanitaria e achéganse ás vivendas galegas a través da tele

monólogos R: Touriñán entra “en zapatillas” nos fogares galegos pola Canle Invitada de R

- ***Con esta exitosa acción que se vén desenvolvendo dende hai máis de doce anos en moitas localidades de Galicia, o humorista galego Touriñán preséntalles en exclusiva a clientes/as de R os seus monólogos R “en zapatillas”.***
- ***Para desfrutar do espectáculo tan só cómpre acender a tele de R mañá mércores, 31 de marzo, ás 20:00 h e sintonizar a Canle Invitada R, no dial 117.***
- ***R aposta, unha vez máis, polo formato dos monólogos e do humor para achegarse de xeito diferente a clientas, clientes e poboación galega en xeral; nesta ocasión a través da tele por mor das restricións derivadas da pandemia.***

Martes, 30 de marzo de 2021.- Tratábase, este ano, de reinventar os **monólogos R**, espectáculos que levan dende 2008 colleitando cheos absolutos en diferentes escenarios da comunidade da man dunha chea de humoristas e monologuistas do máis soado en Galicia. As restricións vencelladas á pandemia derivaron nesta fórmula coa que **R** levará directamente os seus monólogos aos fogares de clientes e clientas a través da súa plataforma de televisión.

E que mellor maneira de facelo que co enxeño e o humor de **Xosé Antonio Touriñán**, reincidente na acción de **R** e que desta volta se achega ben cómodo ás casas dos/as espectadores/as. Son os monólogos **R** “en zapatillas”, que poderán desfrutar en exclusiva os/as clientes/as de tele da compañía galega mañá mércores, 31 de marzo, ás 20:00 h, na Canle Invitada da súa plataforma de televisión, no dial 117.

Risas a esgalla noutro formato

O espectáculo, coma sempre, procurará sorprenden e innovar, con distintas escenas, pantallas e interaccións varias; un formato que pretende resultar atractivo e funcional na canle televisiva, moi diferente da fórmula presencial.

“Como cheguei a ser o que son agora mesmo? Como cheguei a estar onde estou?”
Somos o froito dunha morea de variables xenéticas e ambientais que nos fan tomar decisións, pero tamén estamos condicionados/as pola casualidade.

Touriñán -Touri, para moitos- aborda no espectáculo este tema que nos afecta a todos/as indagando na súa propia vida, tratando de desentrañar cales foron as decisións e as circunstancias que o levaron ata este preciso intre; e para iso elabora un monólogo en clave de comedia no que conta e representa partes da súa vida, mesmo dende que era un espermatozoide, pasando pola súa concepción, a súa estancia no útero, o seu nacemento, a influencia dos seus pais, avós e antepasados, e a serie de boas e malas decisións que xunto cos feitos casuais, o levaron a converterse no que agora é.

Un percorrido pola súa experiencia vital no que, ademais de interpretarse a si mesmo en diferentes etapas, tamén interpreta as persoas que influíron no seu camiño.



Un repasiño: 41.000 asistentes, 30 localidades e un feixe de monologuistas galegos

Os **monólogos R** pensáronse especialmente para os/as clientes/as do operador galego, nun formato (relatorio dunha única persoa que fala en voz alta) que **R** leva escollendo dende 2008 para manterse preto da súa xente. É tamén unha aposta permanente polo talento do país, polo enxeño e polo humor, seica esta última unha das maneiras máis rápidas e eficaces de acurtar distancias entre as persoas.

De feito, son xa máis de 12 anos que falan de éxitos totais nas convocatorias destes espectáculos nos que hai garantidas risas a esgalla.

E coma mostra, as cifras: ata a data acadouse a cantidade de **41.000 asistentes aos monólogos R**, desenvolvidos non só nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol) senón tamén noutras moitas localidades da comunidade coma Viveiro, Vilalba, Ordes, Xinzo da Limia, Sarria, O Carballiño, Carballo, Ribadeo, Verín, Lalín, A Estrada, Melide, Noia, Allariz, As Pontes de García Rodríguez, O Barco de Valdeorras, Ponteceso (O Couto), Porriño, Cee ou Boiro, ata chegar a unha **trintena de concellos visitados**.

A respecto do **talento galego**, polos **monólogos R** pasaron humoristas e/ou monologistas tan populares coma Oswaldo Digon, David Amor, Isi, Pepo Suevos, Carlos Blanco, Rober Bodegas, Marcos Pereiro, Federico Pérez, Javier Veiga, Víctor Grande, David Perdomo ou o propio Xosé A. Touriñán.

sobre Touriñán

Cunha frase, "rir para vivir", explica Xosé A. Touriñán (Culleredo, 1980) a súa filosofía de vida. Antes de querer coarse nas pantallas dos fogares das galegas e dos galegos probou o balonmán e a Filoloxía galego-portuguesa, carreira na que se licenciou.

Dende que soubo que quería dedicarse a ser actor, fixo de todo. Na televisión voltouse popular xunto con Marcos Pereiro, facendo das "Cantareiras de Ardebullo", un auténtico referente do humor costumista en Galicia naqueles anos. Presentou o seu propio programa na Televisión de Galicia ("Tourilandia", 2013), participou doutros tantos ("Era Visto!", "Botarse ao monte", "A casa da conexa"...), e chegou a converterse, coa interpretación de centos de personaxes nos 'sketches' de "Land Rober", nun auténtico ídolo para varias xeracións de galegas e galegos a quen fixo chorar da risa cada xoves. Compaxinou a súa carreira na televisión con outra das súas facetas, a de actor e produtor teatral, acadando un éxito impensable no ano 2018 con "Somos criminais", un espectáculo xunto a Carlos Blanco, que bateu os récords históricos de venda de entradas no noso país. Antes percorrera Galicia con "Curtis & Teixeira", "O monólogo do imbécil", "Agora en serio" ou "Amigos ata a morte", entre outras pezas.

Nos últimos anos cruzou as fronteiras de Galicia, onde sempre tivo claro que quería vivir e traballar, para varios proxectos de ficción, como "Fariña", "Justo antes de Cristo", "Pequeñas coincidencias", "El desorden que dejas" o "Rutas bizarras". Tamén ten participado nalgúns dos programas de humor máis populares, como "Ilustres ignorantes" ou "El Club de la Comedia". Na actualidade prepara a estrea de "Cuñados", un filme no que comparte papel protagonista con Federico Pérez e Miguel de Lira, e mantén en cartel no Teatro Cofidis Alcázar de Madrid a adaptación teatral de "Fariña", na que participa como actor e coprodice xunto con Nacho Carretero. Xosé A. Touriñán tamén dirixe "O castelo conta", un coñecido festival de comedia, tradición oral e cultura rural que se celebra cada verán na súa aldea natal, ao pé do Monte Xalo.

Adxuntamos foto-cartel de Touriñán/monólogos R

Comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal